

Limiar

*“Castellanos de Castilla,
tratade ben ós galegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros”.*

Rosalía de Castro. *Cantares Gallegos*.

Os escritos de Rosalía retumban na súa mente mentres Manuel devece por volver á súa querida terra. Pola obra do poeta con alma doente pasan dende consellos para mozas ata gabanzas de amigos ou veciños merecedores de sentidos homenaxes, dende promesas de rezos cheos de retranca ata o cabalo de *San Xorxe* se se terza, dende a agoireira certeza dun adeus malsán ata a esperanza de quen xa non pode senón agardar, percorrendo paseniño con grande mestría os límites do correcto coa sinxeleza que da o convencemento de quen se sabe ferido pero de pé, sen arrubiarse, coñecedor de que poucas palabras bastan para os bos entendedores.

Manuel de Lis Varela nace en Cutián (Cotobade) o 6 de Agosto de 1.882 no día do San Xusto como non podía ser menos, disposto a gardar na súa memoria falcatruadas nos ríos, xantares en carballeiras, asubíos de paxaros, cariños e brincadeiras de neno, e para que o trasno lambón que é o destino non lle gañe a partida co esquecemento, percorre nesta achega os costumes, a vida na aldea e o traballo da terra, sen que ningún deses temas teña tanto peso como o da soidade e a morriña na escolma do seu presente. As liñas que van tinxindo o papel, algunhas de seguro esvaecidas por bágoas que coñecen ben o camiño de tan esculcado, antóllanselle moito mais oportunas e lexítimas diante dos seus ollos que as das estradas e terreos baldíos que o afastaron do seu; de bo grao mudaría a tranquilidade da vila que o altera de tan allea pola chamada da terra que sempre levan consigo os que marchan dela. A súa crítica desapiadada á falsidade e disimulo dos *señoritos casteláns* e das xentes que viven das aparencias mestúrase na súa mente coa estampa dos *rumorosos na costa*

verdescente e tenta saber novas atopando consolo en cartas que envía aos seus familiares en Galicia dende Burgos, onde só vive o seu corpo: “*Me invade la morriña, la nostalgia, el tedio, las soedades (...) Es algo superior a mis fuerzas y que, no son retóricas, siento que me va minando poco a poco...*” (Carta á súa sobriña Rosa Fraga de Lis. Briviesca, 27 de Agosto de 1936).

Manuel forte, Manuel ceibe aínda que encadeado á tristura produtiva que é aquela que tradea moito mais que a que só se queixa, Manuel familiar, Manuel poeta, e tamén Manuel incorruptible e crítico có poder: “*Bien hiciste en no contarme cosas, calamidades, sufrimientos y vejaciones padecidas por ti. Leo en lo que se escribe de los demás tu nombre. Mentalmente voy acordándome de ti, de Severino y de tantos otros que han padecido por ser buenos, por no estar adcritos a sectas e ideas antiespañolas*” (Cartas ao seu sobriño José Fraga de Lis. 23 de Abril de 1939). Son tempos complicados e convulsos dentro e fora da alma de Manuel.

Tanto el como o seu primo irmán Severino Barros de Lis, coetáneo e amigo citado neste extracto da carta e nacido tamén en Cutián, foron os dous últimos Lis de Cutián que rematan a Carreira de Dereito *cum laudem* na USC (Universidade de Santiago de Compostela), sendo xuristas de referencia. Persoas comprometidas, firmes e íntegras, ámbolos dous destacaron pola súa humanidade sen fisura e a súa convicción de que un mundo mellor distaba moito de ser utopía a pouco que se traballase na consecución de obxectivos comúns que non fosen parabéns inoportunos, mesquiños e fachendosos que só conducían antes, e seguen a facelo agora, ao engrosamento de egos e arcas ben dispostas para o enriquecemento duns poucos e o empobrecemento da maioría.

Os dous xuristas contribuíron non só a reivindicar e salvagardar o único patrimonio polo que paga a pena sufrir calamidades, cal é o que nace da bondade e da convicción de estar a ben sempre cun mesmo axudando no que se pode os demais, senón que marcaron un camiño a seguir polas futuras xeracións que ían vir e que na actualidade seguen lembrando a figura dos dous primos irmáns con respecto, agradecemento e admiración.

A presente obra é a constatación de que se pode ser sen parecer e escribir sen artificio que desvirtúe na escrita o que afunde o corazón, e tamén é unha boa mostra do que tantos galegos tiveron que sentir lonxe da patria, detidos nunha insondable paréntese que os fixo a todos expertos contables de días, noites, meses e anos sen fin, ou en palabras do propio autor *“os homildes da nosa terra viven a vida sen vivir nela”*.

Manuel foi arrincado da néboa e da choiva, condenado a sobrevivir en terreo estéril na soidade da lembranza, na morriña do escudriñar *Cutián ao lonxe*, pero foi tamén bendicido polas fadas que outorgan aos seus preferidos o regalo da poesía e a conxura das emocións que envorcadas nun papel espertan sentimentos. Respectuoso coas tradicións e tan amigo dos espíritos, de deus e dos santos como crítico con eles por teren pechados os seus oídos ás súas súplicas, nos seus versos amosa un sentido do humor cheo de frescura tinxido dunha certa amargura sen chegar á sobredose, despedíndose moitas veces da súa querida terra por medo a nunca volver a ela pero sempre deixándolle a porta aberta a quen quixera vir deste mundo, ou dos outros, a botarlle unha man no logro do seu propósito. Mais parece que Manuel xoga có seu hipotético lector facéndoo partícipe do seu particular trampantoxo, sumíndoo unhas veces na tristura que supón rastrexar os trazos non sempre amables da realidade que vive para despois, cun golpe maxistral de capa e sombreiro literarios, sacarlle un sorriso polas súas ocorrencias ou a súa orixinalidade non adulterada, só posible no eido da infancia e da pureza expresiva.

Para o poeta non hai festa se non hai Galicia, e nunha sorte de teatralidade magnificamente trazada para dar cabida á posibilidade dunha volta á orixe, nesta obra é quen de programar convites e celebracións con minuciosidade case cirúrxica, con ociosidade case vivente, diríase que podendo ulir a terra mollada polo orballo no madrugар ansioso de fogos de artificio, de petardos agochados e bicos tremorosos como se soubese, coa lucidez que só teñen os que choran en seco de tanto chorar, que a única maneira de agardar sen desespero é soñar con devoción.

Sofía P. Remiseiro Rivas

22 de Xullo do 2018